

	IES de Mugar dos. Departamento de .....GREGO.....		<b>1.º BAC</b> 2016 - 2017
	MATERIA	GREGO	
	PROFESOR/A	BEGOÑA ALLEGUE	

## CONTIDOS

	Unidade nª	Táboa de unidades	Descrición
1ª avaliación	Nº 1	A civilización cretense.	O indoeuropeo- Breve historia da lingua grega- O alfabeto- Signos de acentuación e puntuación- Clasificación dos fonemas- Transcrición- A civilización cretense
	Nº 2	A civilización micénica.	Concepto de flexión- Valor e uso dos casos- 2º declinación (temas en o)- Clasificación do verbo grego- Indicativo do verbo εἰμί- A oración simple- A civilización micénica.
	Nº 3	A Época Arcaica.	1ª declinación (temas en α pura, α impura e η)- O artigo- Adxectivos da 1ª clase- Os pronomes demostrativos- As preposicións (I)- Clasificación do verbo grego- Tempos de indicativo activo do verbo λύω- A reduplicación- A Época Arcaica.
2ª avaliación	Nº 4	A Época clásica e helenística.	Terceira declinación: temas en oclusiva, nasal, ντ, líquida e silbante- A preposición (II)- O pronomes persoal e posesivo- O infinitivo- Sintaxe do infinitivo concertado- A época clásica e helenística.
	Nº 5	As clases sociais.	Terceira declinación: temas en vocal e diptongo- Os pronomes indefinido, interrogativo e relativo- A oración de relativo- A sociedade grega: as clases sociais,
	Nº 6	A familia.	Imperativo, subxuntivo, optativo do verbo λύω- Sintaxe do infinitivo non concertado. A familia
	Nª 7	O panteón olímpico	Aumento silábico e temporal- O participio activo- Sintaxe do participio concertado e non concertado- Relixión e mitoloxía: rasgos distintivos da relixión grega, o panteón olímpico
3ª avaliación	Nº 8	O héroe grego.	A voz media: valores, tempos e modos- As oracións completivas. Introducidas por conxunción, introducidas por pronomes ou adverbios, completivas de infinitivo e de participio- O héroe grego
	Nº 9	Oficios, ciencia e técnica.	Os graos do adxectivo: o adxectivo comparativo e superlativo- As oracións circunstanciais (I): causais, temporais, finais e consecutivas- Traballo e lecer (I): oficios, ciencia e técnica.
	Nº 10	Traballo e lecer.	A voz pasiva: valor, tempos e modos- A expresión do suxeito axente- As oracións circunstanciais (II): comparativas, condicionais, concesivas- Traballo e lecer (II): festas e espectáculos.

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será positiva cando se acaden os criterios mínimos fixados. **A avaliación final** será positiva cando o sexa a terceira, xa que a avaliación continua supón un proceso formativo no que se atenderá á consecución final dos obxectivos propostos.

\*Avaliación extraordinaria. A avaliación extraordinaria constará dunha proba escrita. Será positiva a partir dunha cualificación de 5.

- Probas de recuperación. Non están contempladas as probas de recuperación. Se un alumno non acada os mínimos esixibles nunha avaliación terá que realizar tarefas de reforzo.

- Ausencia xustificada a unha proba escrita. O alumno terá que realizar unha proba de similares características ao día seguinte á súa incorporación.
- Se un alumno é sorprendido copiando durante a realización dunha proba escrita, se lle retirará o examen que será cualificado conha nota de 0. Se o profesor non pode demostrar con probas físicas o feito e ante a firme negación deste por parte do alumno, poderalle pedir a repetición da proba de xeito oral.
- Perda do dereito á avaliación continua. Se un alumno perde o dereito á avaliación continua (12 faltas de asistencia sen xustificar) deberá presentarse a unha proba final onde terá que acadar un 5 para aprobar. O alumno poderá facer os exercicios e traballos propostos na clase, non obstante o seu traballo non terá ningún reflexo na cualificación final.

#### **Criterios de cualificación**

- As probas escritas terán un peso na cualificación dun 80%. Realizaranse, a lo menos, dúas probas ao longo de cada avaliación e unha proba final que terá un peso dun 60% con respecto ás outras dúas que ponderarán un 20%.
- Os traballos obrigatorios terán un peso na cualificación dun 15 %.
- A revisión das tarefas e do traballo na aula terán un peso na cualificación dun 5%.
- Nas probas escritas descontarnse 0,05 por faltas leves e 0,1 por faltas máis graves.

### **PLAN DE LECTURA ANUAL**

Hora de Ler: Si/Non

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

### **TIC**

### **PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...**

Asistencia a unha representación dunha obra de teatro clásico